



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 29 DE MAIO DE 2020. (EXPEDIENTE 2020/G010/000004)

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:35 horas do día 29 de xuño de 2020, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores Asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)
Dna. Rocío López Rey (PP)
D. Jesús Souto Pena (PP)
D. Ramiro Bello Recouso (PP)
D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)
Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP)
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade. Aproveita para darlle a benvida ao novo secretario, desexándolle moita sorte polo ben dos veciños da Laracha.

Gardase un minuto de silencio polas 19 mulleres mortas no 2020 vítimas da violencia de xénero, e outro polas vítimas da COVID-19.

Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES PENDENTES DE APROBACIÓN, CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS, CON CARÁCTER



ORDINARIO O DÍA 31 DE XANEIRO DE 2020 E EXTRAORDINARIO, E O 5 DE MAIO DE 2020.

Recibido polos membros do Pleno da Corporación o borrador das actas correspondentes ás sesións plenarias celebradas, con carácter ordinario, o día 31 de xaneiro de 2020 e extraordinario, o día 5 de maio de 2020, nos termos esixidos polo artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Aberto turno de debate sen que tiveran lugar intervencións e sometido o borrador da acta a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos once (17) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa(PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras. (PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG) o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador das actas das sesións plenaria seguintes:

- 31 de xaneiro de 2020
- 05 de maio de 2020

SEGUNDO. Ordear a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das seguintes Resolucións de Alcaldía que estiveron a disposición dos Sres concelleiros para o seu coñecemento e toma de razón, conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro:

- Resolucións da Alcaldía dende o número 29/2020 ata a número 362/2020 (ámbalas dúas inclusive) ditadas dende o 28/01/2020 ata o 26/05/2020.

O alcalde agradece o traballo realizado polos empregados do Concello durante o Estado de alarma decretado pola Crise Sanitaria da COVID-19, reflexado no número de Resolucións realizadas durante ese tempo, con medidas como o teletraballo, para que a Administración non sufrise retraso na tramitación de expedientes.

3.-APROBACIÓN DA DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DA BONIFICACIÓN DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS DE DÚAS LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN

Dáse conta da do ditame da comisión informativa permanente de facenda celebrada o vinte e seis de agosto de dous mil vinte en relación ó asunto de referencia, do seguinte tenor literal:

“A Ordenanza Fiscal número 17, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, recolle no artigo 6º a posibilidade de conceder bonificacións na cota de dito imposto a aquelas construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal



por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego. Tal declaración, así como o outorgamento da bonificación, corresponde ao Pleno do Concello, previa solicitude do interesado.

As persoas xurídicas que se detallan no anexo á presente proposta presentaron os días 30.09.2019 e 07.11.2019, respectivamente, solicitudes de bonificación da cota do imposto de construcións, instalacións e obras.

Vistos os informes técnicos da enxeñeira técnica municipal, as obras cumpren coas condicións detalladas no artigo 6º da ordenanza para ser susceptibles de declaración de especial interese ou utilidade municipal, así como para obter a correspondente bonificación fiscal.

Tendo en conta todo o exposto, de conformidade co establecido do artigo 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17 do Concello da Laracha, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, o seguinte acordo:

Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal pola causa detallada no anexo, así como a bonificación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras na porcentaxe que se especifica no anexo.

Ademais, dende esta alcaldía solicítase que por parte do interventor xeral sexa emitido o preceptivo informe.

SOLICITANTE	DATA SOLICITUDE	OBRA	CAUSA ARTIGO 6º DA O.F. 17ª	PORCENTAXE BONIFICACIÓN
DANIEL RIAL BUÑO	30.09.2019	Nave industrial destinada a carpintería metálica	Aptdo. e): Obras destinadas ao primeiro establecemento ou implantación de empresas no Polígono Industrial da Laracha.	95 %
GALITRANS 96, S.L.	07.11.2019	Nave industrial destinada a almacenamento textil	Aptdo. e): Obras destinadas ao primeiro establecemento ou implantación de empresas no Polígono Industrial da Laracha.	95%

“
[.....]
Sometida a proposta a ditame da Comisión Informativa, esta resulta ditaminada favorablemente por unanimidade con nove(9) votos a favor : Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE) Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG)”

Non producíndose intervencións sométese o asunto a votación a votación, resulta **aprobado por unanimidade dos dezaseis(16) membros presentes** no acto: Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP), María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE), Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG), Carolina Castiñeiras Brandon(BNG).



Rematada a votación o Sr Alcade sinala que é unha boa nova que nestes momentos de dificultade veñan a Laracha empresas novas que xeneren postos de traballo, directos e indirectos. Engade que é idea da Corporación seguir mantendo as bonificacións para incentivar as incentivadas empresariais.

4.- PROPOSICIÓN DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE PARA ORDENACIÓN DE VOLUMENES (RÚA SAN MARTIÑO, PAIOSACO).-

O Alcalde-Presidente da lectura da proposición de acordo do asunto a tratar, co seguinte tenor literal:

“De acordo ao establecido nos artigos 97.2 e 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Propoño ao Pleno da Corporación:

-EXPOSICIÓN

A urxencia na aprobación definitiva do estudo de detalle xustifícase pola demora que se produciu na súa tramitación tendo en conta que o expediente foi sometido á aprobación provisional e á pertinente exposición pública, non resultando desta alegación algunha, máis non se realizaron as notificacións individualizadas ata esta maio do 2020, incorporándose ao expediente estas, así como a non realización de alegación alguna polos propios interesados.

Sometida a votación a urxencia resulta aprobada por maioría ao obter catorce(14) votos a favor de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Veites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP), María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) e dúas abstencións de D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG).

-ANTECEDENTES.

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de febreiro de 2019, acordou aprobar inicialmente o Estudo de detalle para a ordenación de volumes edificables nun ámbito situado en solo urbano, parcelas catastrais 6595701NH3869N0001WG 6595702NH3869N0001AG e 6595703NH3869N0001BG, redactado polo arquitecto Alfonso Suárez Alvite por instancia de Francisco-Javier Cambón Suárez e Gabriel Regueiro García, e suspender o procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado conforme o artigo 47 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. O expediente foi sometido a información pública por prazo dun mes mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 103 do 03.06.2019 e no xornal El Ideal Gallego de data 04.05.2019. Así mesmo, notificouse o acordo aos promotores e a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Consta informe do arquitecto técnico municipal identificando aos promotores e ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados. En data 20.05.2020 (rex entrada núm 20200000001078) recibíuse escrito dos particulares no que manifestan que: “FRANCISCO JAVIER CAMBÓN SUÁREZ, con DNI 76335171B, con domicilio en Avda. de Bergantiños 76, 1º Lestón, A Laracha, e GABRIEL REGUEIRO GARCÍA, con DNI 32395469S con domicilio en Rúa San Martiño 5, Lestón, A Laracha, ante o concello da Laracha comparecen e din: CVD: tYCNdxzIHx8YxvX0CFsw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. 1) Con data 18.05.2020 foinos notificado o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de febreiro de 2019 polo que se aproba inicialmente o estudo de detalle datado do mes de outubro de 2018 redactado polo arquitecto Alfonso Suárez Alvite, para a ordenación de volumes edificables nun ámbito situado en solo urbano, parcelas



catastrais 6595701NH3869N0001WG 6595702NH3869N0001AG e 6595703NH3869N0001BG a instancia de Francisco Javier Cambón Suárez e Gabriel Regueiro García. 2) Os comparecentes manifestan que non van presentar alegacións contra o dito acordo.”

Por todo o anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle, datado do mes de outubro de 2018, para a ordenación de volumes edificables nun ámbito situado en solo urbano, parcelas catastrais 6595701NH3869N0001WG 6595702NH3869N0001AG e 6595703NH3869N0001BG, redactado polo arquitecto Alfonso Suárez Alvite por instancia de Francisco-Javier Cambón Suárez e Gabriel Regueiro García.

SEGUNDO.- Levantar a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito do estudo de detalle.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no prazo dun mes da súa adopción no Diario Oficial de Galicia (artigos 82.2 Lei 2/2016 do solo de Galicia –LSG- e 199.2 do Regulamento da Lei do solo -RLSG-).

CUARTO.- Notificar o acordo aos promotores e individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

QUINTO.- Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da LSG, e nos artigos 199, 209 e 212 do RLSG, e segundo o disposto na Orde do 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición de datos no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, para a entrada en vigor do documento.

SEXTO.- Publicar no Boletín Oficial da provincia o estudo de detalle, unha vez publicado no DOG e inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia (artigos 82.3 da LSG e 199.3 da RLSG).

SÉTIMO.- Dar conta á Comisión Informativa de asuntos comprendidos na Orde do Día do Pleno, cumprindo o establecido no artigo 126.2 do ROF.”

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación a votación, resulta aprobado por maioría ao obter catorce(14) votos a favor de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP), María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) e dúas abstencións de D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG).

5.-MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.

Previa a venia da Presidencia trátase a posibilidade de renunciar as asignacións aos grupos para realizar tranferencia cara a partidas destinadas a líneas de axudas a autónomos ou emerxencia social. A seguir os distintos integrantes do pleno falan de ser un asunto de carácter personal que non precisa acordó algún nin publicidade, unha decisión propia de cada grupo, que deberá comunicarse por escrito.

5.1] MOCIÓN DO BNG, REACTIVACIÓN ECONÓMICA

[Sendo as 13:47 horas abandona a sesión D. Jesús Souto Pena]

D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) da lectura a moción para a ELABORACION DUN PLAN PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA.



O Sr Alcalde toma apalabra para sinalar que no día de onte acordouse cos axentes sociais o primeiro plan de apoio da Xunta aos traballadores en ERTE e maiores de 55 anos, que hai mais fondos destinados a este fin e aínda faltan as medidas a concretar polo Estado. Engade que levan dous anos coa FEMP e Ministerio de Facenda do Estado do PSOE e non se fixo nada ao respecto, da conta da situación que se aveciña, Alcoa San Ciprian, Central de As Pontes, Alcoa Coruña, etc e anticipa que se o sector industrial se vén abaixo detrás van os outros. De seguido critica que non se deixe facer uso dos remanentes cando os vecinos deben dispoñer dos medios que hai na Admnsitración. Matiza que o Pleno aprobou 200.00€ para reactivar aos autónomos, pero non quere que se solapen con outras axudas do Estado ou Comunidades Autónomas. En definitiva, son temas que están en tramitación: Plan de reactivación da Xunta, queda o do Estado...e non é o momento.

D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) critica que non se convoque ao principal sindicato de afiliados no plan aprobado pola Xunta.

Rematadas as intervencións sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, resulta desestimado por maioría ao obter seis votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) e dez en contra de de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP).

5.2] MOCIÓN DO BNG SERVIZO DE MATRONA NO CENTRO DE SAÚDE DA LARACHA.

D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) da lectura a moción.

O Sr alcalde mostra a súa sorpresa porque o concelleiro non sepa que o servizo esta aprobado a tempo completo. Engade que o seu goberno será o primeiro que o reclame.

D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) critica que seña unha praza compartida con Cerceda.

O Sr Alcalde insiste en que é a tempo completo e que pensaba que o sabería como traballador do sector.

Rematadas as intervencións sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, resulta desestimado por maioría ao obter seis votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) e dez en contra de de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP).

5.3] MOCIÓN DO BNG DIA DAS LETRAS GALEGAS NO 2021

Xoán Manoel Sande Muñiz, Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello da Laracha, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal presenta, para o seu debate no vindeiro Pleno Ordinario da Corporación MOCIÓN de cara a *Instar á Xunta de Galiza e á Real Academia Galega a ampliar ao ano 2021 a dedicación do Día das Letras Galegas a Carvalho Calero.*



O Sr Alcalde manifesta que hai temas de normalización lingüística que, aínda que quixeran non poderían contratalo, sin que viñesen subvencionados, que non é un servizo fundamental e coa que esta caendo hai que revitalizar a economía o emprego e os servizos sociais. Engade que non ven un problema nese ámbito nin os vecinos o transmiten así, ao contratrio en ocasións, reclaman falar en ambos idiomas. En canto as letras galegas, é un tema da Real Academia...

Xoán Manoel Sande Muñiz, Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello da Laracha sinala que non ten que ser de xeito inmediato, senon concurrir a subvencións, etc e que as industrias cultural e do libro tamen sufren.

O Alcalde insiste en que hai sectores prioritarios neste momento e a industria do libro é unha máis das que están afectadas.

Rematadas as intervencións sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, resulta desestimado por maioría ao obter seis votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) e dez en contra de de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP).

5.4] MOCIÓN DO PSOE: AXUDAS AOS CLUBES DEPORTIVOS.

Dña María Pilar Neira Martínez(PSOE) da lectura á moción.

O Sr Alcalde agradece a vontade, pero reclama maior coñecemento da situación actual en canto axudas individuais, colectivas, acceso a instalacións...Sinala que agora mesmo está paralizada a actividade deportiva e pregunta cando poderá abrir a piscina ou campde fútbol...engade que os clubs de fútbol levan sen actividade dende día que se decretou o estado de emerxencia e as actividades paralizadas.

Dña María Pilar Neira Martínez(PSOE) reclama que os nenos pequenos non teñan problemas a hora de inscribirse nos clubs por falta de medios nas familias..

O Sr Alcalde contesta que igual é o clube o que non ten que cubrir as cuotas, a súa proposta vai por ahí: asociacións e clubs. Finaliza sinalando que levan 6 mese sen actividade e hai clubs que cobran 5.000€ anuais...

Rematadas as intervencións sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, resulta desestimado por maioría ao obter seis votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) e dez en contra de de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP).

5.5] MOCIÓN DO PSOE: PLAN MUNICIPAL ESPECÍFICO PARA PERSONAS MAIORES

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) da lectura á moción.

O Sr Alcalde da conta das medidas adoptadas polo Concello a través dos servizos sociais nese campo, e concreta que hai dúas vertentes, persoas maiores soas, que non queren axuda social e escolares, xa



que hai nenos cuxos país están traballado, logo que facemos?...manifesta que hai un mando único que é o goberno central, que os Concellos precisan medios e pregunta qué medidas se poden implementar, que políticas de conciliación se poden aplicar... conclúe que dende o Concelo xa se puxeron en marcha medidas

*Rematadas as intervencións sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, resulta **desestimado por maioría** ao obter seis votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) e dez en contra de de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP).*

5.6] MOCIÓN DO PSOE: PLAN DE APOIO AO TECIDO CULTURAL.

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) da lectura á moción.

O Sr. Alcalde sinala que os comerciantes o que precisan nestes intre é apoio económico e non cree que teñan mais clientes si o cartel esta en galego ou castelán. Engade que a moción esta moi lonxe do que se está a facer dende o Concello, polo que hai moito descoñecemento...Afirma que hai moita preocupación, que houbo que suspender moitas actividades culturais e pregunta que pasará cas festas en agosto..Continua sinalando que hai que saber a realidade das asociacións, información veraz da Federación de Municipios, independentemente das cores que poñan as cousas claras...Finalmente desexa que se poda volver a normalidade canto antes.

*Rematadas as intervencións sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación, resulta **desestimado por maioría** ao obter seis votos a favor de María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE) D. Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) e Carolina Castiñeiras Brandon(BNG) e dez en contra de de : Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP).*

5.7] RATIFICACION POS+ADICIONAL

O Sr Alcalde da lectura a moción que sinala:

”De acordo ao establecido nos artigos 97.3 e 82.3, en relación ao art. 138 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , Propoño ó Pleno da Corporación :

-EXPOSICIÓN A urxencia da inclusión do asunto na Orde do Día, xustifícase do seguinte xeito:

No pasado 05 de maio de 2020 a Excmá Deputación da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais



extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles. O prazo remata hoxe as 15 horas sendo adoptado acordo no día de onte pola Xunta de Goberno, sen perxuízo da ratificación polo Pleno “ na primeira sesión que se celebre” que é a presente.

Polo sinalado anteriormente e , sendo o órgano competente para a contratación o Pleno, propónse a inclusion na orde do día a seguinte PROPOSTA :

-ANTECEDENTES.

A Excmá Deputación da Coruña aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta Deputación, desde o 11 de maio de 2020 ata ás 15.00 horas do 29 de maio de 2020.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada onte 28 de maio do 2020 adoptou, por unanimidade, entre outros os seguintes acordos:

3. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2020” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 CON CARGO A PARTE DO SUPERÁVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (SONF) 2019 DA DEPUTACIÓN.

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2020” para regular o POS+Adicional 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia

O importe da achega provincial destinada ao financiamento deste Plan ascende a 15.000.000,00 € que se distribuen entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1. O importe da achega provincial asignada a este concello é de 217.108,88 euros.

Logo de ver as bases da convocatoria e o informe de intervención sobre á solicitude de participación no Plan, á Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- *Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2020” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	217.108,88 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:



Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
-----	-----	-----	-----
TOTAL	-----	-----	-----

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
-----	-----	-----	-----
TOTAL	-----	-----	-----

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	217.108,88		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	-----	-----	-----
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	-----	-----	-----
TOTAL	217.108,88	-----	217.108,88

SEGUNDO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

TERCEIRO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.



CUARTO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

QUINTO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”

4. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 2/2020” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES E INVERSIÓNS.

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 30 de abril de 2020, aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2020” para regular o **POS+Adicional 1/2020** para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e o **POS+Adicional 2/2020**, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, ambos destinados aos 93 concellos da provincia

O importe da achega provincial destinada ao financiamento deste Plan ascende a 15.000.000,00 € que se distribuen entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1. O importe da achega provincial asignada a este concello é de 57.895,70 euros.

Logo de ver as bases da convocatoria e o informe de intervención sobre á solicitude de participación no Plan, á Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	57.895,70 euros
---	-----------------



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
DERIVADOS DO COVID-19	(A)	(B)	
Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020			
<i>a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia</i>			
<i>b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria</i>			
<i>c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.</i>			
<i>d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados</i>			
<i>e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario</i>			
<i>f)Adquisición de medios de prevención (EPI)</i>	15.309,53 €	0,00 €	15,309,53 €
<i>g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.</i>	43.000,00 €	0,00 €	43.000,00 €



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
DERIVADOS DO COVID-19			
Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	(A)	(B)	
<i>h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contén con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes</i>			
<i>i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.</i>			
T O T A L	58,309,53 €	0,00 €	58.309,53 €

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

De acordó a base 12 de modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles que sinala “Se o acordo fose adoptado por un órgano municipal distinto ao Pleno, deberá ratificarse polo Pleno na primeira sesión que se realice, e presentarse posteriormente a correspondente certificación do acordo plenario adoptado como documentación adicional” propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Ratificar os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada onte 28 de maio do 2020 que se reproducen la parte expositiva relativos a:

3. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 1/2020” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19



CON CARGO A PARTE DO SUPERÁVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (SONF) 2019 DA DEPUTACIÓN.

4. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2020” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS CORRENTES E INVERSIÓNS.

SEGUNDO. Dar conta a Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

O alcalde, José Manuel López Varela”

Sométese a urxencia da inclusión do asunto na orde do día a votación a votación, resulta **aprobado por unanimidade dos dezaseis(16) membros presentes** no acto: Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP), María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE), Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG), Carolina Castiñeiras Brandon(BNG).

O Sr Alcalde da conta do acordo da Xunta de Goberno e explica que hai unha parte destinada a gastos do COVID e outra vinculado a gasto corrente xa que libera ao Concello de ter que mandar proxectos a Deputación, esperar a súa aprobación etc xa que de tratarse de obras ata o primeiro trimestre do 2021 non se poderían facer as actuacións.

Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG) agradece as aportacións da Deputación e manifesta o seu voto a favor.

Rematadas as intervencións sométese o asunto a votación a votación, resulta **aprobado por unanimidade dos dezaseis(16) membros presentes** no acto: Jose Manuel López Varela(PP), Rocío López Rey(PP) Jose Ramón Martínez Barbeito(PP), Patricia María Bello canedo(PP), Cristina Vieites Calvo, (PP) Adelina Liste Monelos (PP) , Jose Alberto Blanco Veiga (PP) Ramiro Bello Recouso (PP) Pablo Cambón Bértoa (PP) Begoña Domínguez Patiño (PP), María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE) José Martínez Ageitos (PSOE), María Pilar Neira Martínez(PSOE), Xoan Manuel Sande Muñiz (BNG), Carolina Castiñeiras Brandon(BNG).

- ROGOS E PREGUNTAS.

A] ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESTRADA PARROQUIA LEMAIO

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) da lectura ao seguinte rogo:.

A estrada que vai dende O Iglesias ata O Pereiro na parroquia de Lemaio foi obxecto dunha intervención, no mes de marzo do presente ano e case coincidindo co decreto de estado de alarma, para mellorar o pavimento da estrada e tamén a rede de recollida de augas pluviais. Dous meses despois da intervención atopámonos, tal e como se amosan nas fotografías adxuntas, unha estrada deteriorada pola falla do asfaltado. Obsérvase a canalización para a recollida de augas pluviais, pero falta o pavimento, e este Grupo Municipal preguntase se foi debido ao decreto do estado de alarma e por iso quedou paralizada, ou se pola contra houbo algún outro problema que paralizase a obra.



Estes traballos enmárcanse dentro do proxecto que contempla una serie de intervencións de renovación da rede viaria no entorno rural. Nesta mesma parroquia actuaríase tamén nas estradas A Fraga-Tuixe e a Xesteira-O Ramo. ROGO: que por parte desa alcaldía aclare a este Grupo Municipal a paralización desta obra e se van tardar en rematar dita actuación

O Sr Alcalde manifesta que a estrada leva aglomerado e acometida pero VIACUA paralizou as acometidas polo estado de alarma. Preguntado por outras contesta que si, están na mesma situación.

B] ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA COLECTORES ESTADO DE ALARMA

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) da lectura ao seguinte rogo:.

É sabido que estamos a vivir unha crise sanitaria como nunca experimentáramos ate o momento, e por ese motivo, é deber dos concellos de todo o territorio nacional promover e axustar medidas adecuadas para a desinfección e limpeza de todas as zonas comúns así como o mobiliario urbano dos concellos. No concello da Laracha non se está a facer a correcta desinfección e limpeza dos colectores de lixo e dende o Grupo Municipal Socialista da Laracha así o manifestamos para que se remedie esta situación na maior brevidade posible, xa que isto pon en perigo a nosa poboación, xa non só por posibles contaxios por COVID-19 se non tamén pola posibilidade de infección de calquera outro virus ou bacteria. Tamén podemos apreciar que nalgunhas zonas do concello, os colectores que están instalados son insuficientes xa que, ademais de sucios e sen desinfectar, están cheos de lixo a maior parte das veces. Nestes intres, en tódalas casas da veciñanza e nas empresas que están a traballar no concello, estanse a empregar mascarillas, luvas e en xeral, moitos consumibles sanitarios desbotables, polo que é unha realidade que estamos a xerar moitos máis residuos pero, os colectores e papeleiras dos que dispoñemos na nosa vila, son os de sempre. ROGO: que por parte desa Alcaldía se proceda a desinfección e limpeza dos colectores xa existentes e de ser preciso instalar máis onde cumpra ou ben aumentar a frecuencia de recollidas de lixo nas zonas que así o precisen.

O Sr Alcalde manifesta que por unha banda esta a desinfección de colectores e aproveita para agradecer a labor da protección civil neses aspecto. Engade que posteriormente veu a recomendación de pechar as tapas contradecendo o anteriormente dito...Finalmente sinala que estase a resolver a nova concesión onde se recolle a obriga de limpar os contenedores. Finalmente xerose debate sobre o lixo xenerado polo desbroce e herba, conclúese que non se debe pagar a SOGAMA por ese tipo de lixo, que non debe ir ao contenedor verde e que se avise á policía local.

C] ROGO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AREA RECREATIVA GABENLLE

Dona María Palomi Rodríguez Castiñeira(PSOE) da lectura ao seguinte rogo:.

A área recreativa de Gabenlle, na Laracha, ten moitos circuitos de paseo, mesas para comer, parrillas, bancos e zona verde e con sombra. Ao outro lado da estrada arrinca unha senda fluvial construída en pasarela de madeira que vai percorrendo varios muíños. O paseo fluvial de Gabenlle, nestes últimos meses, está en mal estado. O mantemento correspóndelle ao Concello e a falla de coidados afecta directamente a quen pasea habitualmente pola zona. As árbores están caídas no río, paseo de madeira estropeado, etc.

No Pleno celebrado o día 26 de xullo de 2019, este grupo municipal presentou un rogo reclamando o arranxo desta área recreativa ao cal o sr. alcalde respondeu, tal e como se reflexa na acta, que é unha empresa concesionaria que se ocupa das zonas verdes e que respecto ao paseo que ten un importe a obra de reparación duns 478.000 euros, incluírase no próximo Obradoiro de Emprego. Ademais di que tamén se están a levar a cabo limpeza nos ríos. Pois ben, estando en estado de alarma e coa franxa horaria de 06:00 a 10:00 horas os veciños e as veciñas da contorna atopámonos con este lamentable



aspecto do paseo Por todo o exposto anteriormente, ROGO: que por parte desa alcaldía se adopten con urxencia as medidas precisas para solucionar dunha vez por todas o problema mencionado.
O Sr Alcalde afirma que xa estan amañados.

-PREGUNTA “IN VOCE” DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

- Cales serán as medidas de control ao areal de Caion? O Sr Alcalde contesta que debería existir unha normativa da FEGAMP e guiar aos Concellos nese aspecto, a realidade é distinta nas rías baixas que nas altas que no mediterráneo...

- PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE

A]

1. Ten previsto o Concello algún protocolo de actuación sobre o uso da praia?
2. Como pensa controlar o aforo na praia? E os accesos?
3. De que maneira informarán ás persoas usuarias das medidas de hixiene e control?
4. Van contar con fondos da Xunta de Galicia para contratar persoal, como socorristas, para vixiar os areais?

Unha vez contestadas as anteriores preguntas o Sr Alcade manifesta que a Xunta subvencionara dous socorristas que xunto aos contratados pola empresa sumarán un total de oito socorristas

5. A entrada de Galicia na Fase 2 permitirá un paso máis na desescalada, e entre unha das actividades permitidas está a apertura das piscinas, cando teñen pensado abrilas para as persoas usuarias? Como se vai a xestionar a volta coas persoas traballadoras?

O Sr Alcalde contesta que cando teñan garantías socio sanitarias.

B]

1. No caso de que se decida abrir as escolas infantís na semana do 25 de maio:
 - Con que material sanitario van contar as persoas traballadoras na súa volta ao traballo?
 - Que criterios se van establecer para poder garantir as medidas de distanciamento social?
 - Que número de nenos/as se van poder admitir?
2. No caso de que se decida non abrir as escolas infantís ata o mes de setembro:
 - Que previsión formula o Goberno galego para que as familias da Laracha poidan conciliar, xa que moitos proxenitores teñen que incorporarse aos seus postos de traballo e non teñen onde deixar aos seus fillos/as?
3. E para que ninguén quede atrás, hai que falar tamén das escolas infantís privadas, que dende o pasado 16 de marzo non perciben ningún tipo de ingreso. Na súa totalidade víronse, como moitas das empresas, abocadas a un ERTE, con que garantías tanto sanitarias como económicas van poder contar?



Contesta o Sr Alcalde que debe cumprirse a normativa de política social de 0-3 anos e que ao longo do Pleno xa se referiu as políticas de conciliación. En canto ao peche das privadas haberá que estar as axudas de Estado, Comunidades Autónoma e Entidades Locais

C]

María Palomi Rodríguez Castiñeira, voceira do Grupo Municipal Socialista do Concello da Laracha, ao amparo do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula ante ese Pleno Corporativo para a súa contestación, a seguinte

PREGUNTA:

A Xunta de Galicia acordou que a partir do 11 de maio o persoal administrativo volvese aos centros de ensino para iniciar o proceso de admisión de alumnado de cara ao curso 2020/2021. Da mesma maneira, nesta data o Goberno español está a valorar unha volta ás aulas que podería incluír ao estudantado de Infantil, 4º da ESO e de Educación especial volva ás aulas a partir do 25 de maio.

No Grupo Socialista preocúpanos enormemente que non se garantan as condicións de seguridade (tanto hixiénico-sanitarias como de distanciamento social) nunha “volta ao cole” antes de rematar o presente curso.

Que medidas deben implantar os centros? Como será a xornada lectiva? Canto alumnado poderá haber en cada aula? Como se garantizará o distanciamento social? Que medidas se prevén adoitar no transporte escolar para o alumnado usuario deste servizo?

Esta situación está xerando preocupación e incerteza entre o profesorado, o alumnado e as familias e hai ámbitos nos que a competencia das administracións locais é evidente.

Por todo isto, o Grupo Municipal Socialista PREGUNTA:

1. Que tipo de desinfección se levou a cabo dende que se decretou o estado de alarma nos centros educativos? Que material se empregou?
2. Ten deseñado o Goberno local un plan especial de desinfección (tanto exterior como interior) para levar a cabo nos colexios públicos e escola infantil ante a próxima apertura?
3. Implementará a limpeza e desinfección dos centros educativos e incluso en edificios públicos con ozono, sistema innovador e eficaz para eliminar virus e bacterias?



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

4. Teñen previsión de colocar dispensadores de xabón e/ou de solución de alcol desinfectantes para as mans, pois é unha das medidas esenciais para combater o COVID-19?
5. Ten previsto demandar da Xunta de Galicia o reparto de material sanitario e reforzar se fose preciso dito reparto tanto ao equipo docente como ao propio alumnado?

O Sr Alclade contesta que a desinfección sera de acordo ao que dicte a Xunta , non a instancia de cada Concello e sinala que hai unha empresa que fai os traballos.

Preguntado pola feira contesta que vaise abrir a productos alimenticios non a productos textil ou calzado, que se esta a estudar a poibilidade de que fose a artesanía cerámica...que todo o mundo quere gañar pero hai que gardar as distancias. Conclúe que hai que agradecer a feirantes e veciños porque a primeira feira funcionou bastante ben.

Finalmente en canto as eleccións do doce de xullo sinala que se solicitou un novo local para Torás, mais amplo , para manter as distancias. En Lestón, unha mesa en cada aula e que, no resto, non habería problemas de masificación.

REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxeto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 15:07 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión, agradecendo a asistencia sesión convocada de urxencia, estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,